

Prómine Singular da D.O. Ribeira Sacra, tres anos consecutivos como Mellor Tinto de Galicia

Na tarde de onte facíase entrega dos premios da **XXXIV Cata dos Viños de Galicia** e Cata das Augardentes de Galicia e XI Cata dos Licores Tradicionais.

Por terceiro ano consecutivo, un tinto da D.O. Ribeira Sacra, o viño **Prómine Singular de Bodegas Petrón S.L.** de Sober - Subzona de Amandi, conseguiu o galardón ao **Mellor Viño Tinto de Galicia**.

Reciben tamén premio como os mellores de Galicia na D.O. Ribeira Sacra:

- **Acio de Ouro Tinto, Estrela** de D'Fran S.C., na categoría **Viños de Colleiteiro e de pequenas adegas**.
- **Acio de Prata Tinto, Prómine Singular** de Bodegas Petrón S.L., na categoría **Viños de Colleitas Anteriores**.
- **Acio de Bronce Tinto, Finca La Capitana** de Regina Viarum S.L., na categoría **Viños de Elaboración con Madeira**.

Ademais dos premios a nivel galego, dentro da categoría D.O. Ribeira Sacra resultaron galardoados:

- **Acio de Ouro Tinto: Prómine** de Bodegas Petrón S.L.
- **Acio de Ouro Branco: Peza do Rei** de Adega Cachín S.C.

